# Proxecto EPÍSTOLA

Consello da Cultura Galega

## Colección: Ricardo Carballo Calero con Otero Pedrayo

### Ficha documental da epistola de Ramón Otero Pedrayo, a Ricardo Carballo Calero do 20/11/1959

**Colección:**
**Data:** 20/11/1959
**De:**
Ramón Otero Pedrayo;
**Para:**
Ricardo Carballo Calero;
**Orixe:**
Ourense (municipal), Ourense (comarcal), Ourense (provincial)
**Destino:**
Lugo (municipal), Lugo (comarcal), Lugo (provincial)
**Mención:**
Cambados (municipal), O Salnés (comarcal), Pontevedra (provincial)
**Mención:**
Mondariz (municipal), O Condado (comarcal), Pontevedra (provincial)
**Mención:**
Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)
**Mención:**
Fefiñáns (local), Cambados (parroquial), Cambados (municipal)
**Mención:**
Braga (local), Braga (de distrito), Portugal (nacional)
**Ficha descriptiva:**
[carta manuscrita]
**Localización física:**Parlamento Galego
**Temáticas:**
*Álbum de la Caridad*; Asuntos particulares; Literatura;
**Mencionados:**
Concepción Arenal; Ramón Cabanillas; Francisco Fernández del Riego; Florentino López Alonso-Cuevillas; Marcelo Macías; Eduardo Pondal; Ramón Villar Ponte;

Ourense 20-XI-1959 Sr. Dn. Ricardo Carballo Calero
Lugo

Meu querido amigo:

Estabamos no Bom Jesus do Monte en Braga despois de xantar sobre as 3 da tarde e dispostos a baixar á cidade pra seguir os traballos do Congreso histórico cando del Riego tivo a nova da morte de Ramón Cabanillas. Foi das grandes e acedas doores do meu vivir. Pois hai doores calmas, que fan meditar docemente afastándonos do mundo. Non era posibre chegar ó enterro. Dende entón penso de cotío na terra do [illegible] de Fefiñans. Imos ficando moi sós os vellos. Cabanillas, máximo poeta era un vento mareiro carregado cos recendos dos xardíns e pra él non tiveron segredos as ialmas romanticas e cabaleirescas. Sempre escribiu bén na fala e no verso. Seis coñeso dil unhas prosas coma versos e o discurso da Academia Galega impreso en Mondariz. Debe estar recollida a resposta a Ramón Vilar Ponte. Tan cando poida vou a Cambados.

Anda a casa moi revolta. E non atopo o libro sobre C. Arenal onde veñan os versos de Pondal que lle interesan. Non vin meu artigo na "Noche"! Mandei os versos ben copiados. Haí no derradeiro unha folla. Logo os procurarei.

¿Estamos seguros de ser Pondal o "proscripto"? Lí fai moitos anos falar dun Sr. Ulloa, ou Ulloa con outro compoñente, de Vigo, ou residindo en Vigo. Mándolle a cédula – non se esqueza de devolverma – do "Album" e a copia do poema do "proscripto". Meu exemplar do

[VER O DOCUMENTO ORIXINAL]

Epistolario editado por:

Consello da Cultura Galega

Fundación Otero Pedrayo

Colaboran:

Parlamento de Galicia

Fundación Penzol

**Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*
*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*
*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

***Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":***
*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio subscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*
*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

**Consultas e colaboracións:**
Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.